



RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO EXTRAORDINARIA E URGENTE DO 20 DE OUTUBRO DE 2020

1.- Ratificación da urxencia da convocatoria. Ratifícase a urxencia.

2.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade relativa á aprobación do expediente de “Subministración diversos vehículos para Protección Civil do concello de Santiago divididos en tres lotes: LOTE I. Un vehículo todo terreo. LOTE II. Un vehículo tipo furgoneta. LOTE III. Un vehículo todo camiño”; gasto e apertura do procedemento de adxudicación. Apróbase o citado expediente, así como a aprobación do gastos correspondente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de:

- LOTE I: Vehículo todo terreo. 49.610 euros (41.935,52 euros máis 21% de IVE que ascende a 7.674,48 euros)
- LOTE II: Vehículo tipo furgoneta. 29.826,5 euros (24.650 euros máis 21% de IVE que ascende a 5.176,5 euros)
- LOTE I: Vehículo todo camiño. 40.535 euros (33.765,74 euros máis 21% de IVE que ascende a 6.769,26 euros)

A declaración de urxencia do expediente implicará a redución á metade de todos os prazos fixados no prego de cláusulas administrativas de aplicación.

Esta subministración está amparada polos créditos derivados da formalización do “Convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; a Deputación Provincial da Coruña; e o Concello de Santiago en materia de protección civil e emerxencias, co fin de colaborar nos gastos de adquisición dun vehículo todo camiño un todo terreo e un furgón”.

3.- Dar conta do ofrecemento formal da doazón de dona Susana Carlson Nóvoa dunha obra do pintor galego Leopoldo Novoa García. Dase conta do ofrecemento formal de doazón de 15 de outubro de 2020 de Dona Susana Carlson Nóvoa, relativa á obra sen título mixta sobre papel 143 x 98 cm. do pintor galego D. Leopoldo Nóvoa García; e da autorización á concelleira Mercedes Rosón, para que en nome e representación do Concello proceda á súa recollida o vindeiro 22 de outubro xunto cos responsables de exposicións do Auditorio de Galicia.